

Convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., a través do Instituto de Investigacións Mariñas (IIM), para a realización do proxecto "estudo da resposta inmune da ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) fronte a factores ambientais. RIFA".

En Santiago de Compostela e Madrid, 6 de marzo de 2025

INTERVEÑEN

Dunha parte, D. Alfonso Villares Bermúdez, Conselleiro do Mar, nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG n.º 73 do 14 de abril de 2024), actuando en nome e representación da Consellería do Mar da Xunta de Galicia, en virtude das facultades recoñecidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, D. Carlos Closa Montero, na súa condición de Vicepresidente de Organización e Relacións Institucionais da Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), nomeado por Acordo do Consello Reitor do CSIC, na súa reunión do 30 de novembro de 2022 (BOE 23/12/2022. Res. Presidencia CSIC do 14 de decembro de 2022, pola que se resolve convocatoria de libre designación), actuando en nome e representación desta institución en virtude das competencias que ten delegadas por resolución do 5 de decembro de 2023 da Presidencia do CSIC (BOE do 18 de decembro seguinte).

Ambas as partes declaran atoparse debidamente facultadas e coa capacidade necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

Primeiro

Que o Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de xullo de 2021, polo que se establece o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/1004, establece no seu artigo 3 as prioridades da Unión Europea para contribuír á aplicación da política pesqueira común e á política marítima da Unión; doutra banda, tamén sinala que o FEMPA contribuír á consecución dos obxectivos medioambientais e de mitigación do cambio climático e de adaptación a este da Unión. Neste sentido, no ámbito da pesca e do medio mariño, o FEMPA establece o seguinte obxectivo para o período 2021-2027: "manter a pesca como actividade produtora sostible mediante a xestión sostible e a conservación dos ecosistemas mariños". Doutra banda, a prioridade 1 do artigo 3 do citado Regulamento 2021/1139 fai mención a "fomentar a pesca sostible e a recuperación e conservación dos recursos biolóxicos



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6) – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

acuáticos”, desenvolvendo obxectivos específicos entre os que se atopan: reforzar as actividades pesqueiras que sexan económica, social e medioambientalmente sostibles, obter datos fiables que permitan tomar decisións baseadas no coñecemento e contribuír á protección e a recuperación da biodiversidade e os ecosistemas acuáticos.

Por Orde do 27 de xuño de 2022 créase a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en diante a Rede, coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a administración pesqueira de Galicia.

A Rede configúrase como un órgano colexiado dos previstos na Sección 3ª do Capítulo I do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público autonómico de Galicia, e adscríbese á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

Os obxectivos e tarefas do presente convenio foron propostos e aceptados na reunión ordinaria da Rede celebrada o día 30 de xullo de 2024, considerando a realización do proxecto presentado, aliñado coa finalidade da Rede, de interese para os seus participantes e para o sector pesqueiro en particular, así como para o ben común e o interese xeral.

Segundo

Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (“Lei da ciencia”), no seu artigo 34.1, establece que os axentes públicos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídos as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos a dereito administrativo.

Así mesmo, o citado artigo 34.1 prevé que poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades: a) proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación; b) creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación e infraestruturas científicas; c) financiamento de proxectos científico-técnicos singulares; d) formación do persoal científico e técnico; e) divulgación científica e tecnolóxica; e f) uso compartido de inmoables, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.

Particularmente, as letras a) e c) do artigo citado son aplicables ao presente convenio debido a que o obxecto do mesmo refírese a un proxecto de investigación científica, desenvolvemento e innovación, así como ao seu financiamento.

Terceiro



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Que a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC), con NIF Q-2818002-D, sede central en Madrid (C.P. 28006) e domicilio institucional en rúa de Serrano núm. 117, de conformidade co artigo 47 da Lei da ciencia, é un organismo público de investigación (OPI) da Administración Xeral do Estado, actualmente adscrito ao Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades a través da Secretaría Xeral de Investigación, que ten por obxecto o fomento, a coordinación, o desenvolvemento e a difusión da investigación científica e tecnolóxica, de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao avance do coñecemento e ao desenvolvemento económico, social e cultural, así como á formación de persoal e ao asesoramento a entidades públicas e privadas nestas materias, de acordo co establecido no artigo 4 do Estatuto do CSIC, aprobado polo Real Decreto 1730/2007, do 21 de decembro (BOE 14/01/2008).

O CSIC está constituído como axencia estatal e, na devandita condición, réxese polo establecido nos artigos 108 bis a 108 sexies (introducidos pola Lei de PGE para 2021) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas disposicións do seu xa citado Estatuto.

En febreiro de 2021 o CSIC obtivo o recoñecemento da Comisión Europea «HR Excellence in Research» (HRS4R) como integrante da Estratexia de Recursos Humanos para Investigadores. Este selo recoñece o compromiso do CSIC co desenvolvemento dunha estratexia de recursos humanos para o persoal investigador aplicando os principios da Carta Europea do Investigador e o Código de Conduta na contratación de investigadores.

Pola súa banda, o Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (IIM) é un instituto propio do CSIC, sen personalidade xurídica diferenciada, enmarcado nas áreas científicas de Recursos Naturais, Ciencias Agrarias e Ciencia e Tecnoloxía de Alimentos. O IIM dedícase á ciencia para o desenvolvemento sostible, pretendendo dar resposta aos desafíos globais e ás preocupacións locais relacionadas co medio mariño.

Cuarto

Que a Consellería do Mar é o órgano da Administración galega ao que lle corresponden as competencias en materia de ordenación e fomento do sector pesqueiro, marisqueiro, acuícola e de transformación de produtos do mar no ámbito de Galicia, de conformidade co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución Española, sen prexuízo das competencias que lles poidan corresponder a outros organismos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que de acordo ao establecido no Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, correspóndelle a esta Consellería a investigación mariña e a coordinación, programación e execución de actividades de divulgación e transferencia tecnolóxica nas comunidades pesqueiras e litorais, así como a programación, supervisión, realización e difusión de publicacións e outro material científico e didáctico.

Que o Servicio de Planificación, como órgano de apoio da Subdirección Xeral de Investigación e Apoio Científico-Técnico, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten atribuídas as competencias específicas indicadas no artigo 12.2.4.2 do Decreto 50/2021,

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, entre as que se atopa a xestión de actuacións en materia de estudo, avaliación ou seguimento dos recursos mariños naturais e da actividade pesqueira, marisqueira e da acuicultura.

Quinto

A Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar e o CSIC, a través do IIM, desexan establecer unha colaboración para a realización dun proxecto co fin de estudar a resposta inmunolóxica da ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) ante os factores ambientais e frear a caída da súa produción.

O CSIC-IIM levará a cabo as actividades recollidas na proposta presentada e aprobada "estudo da resposta inmune da ameixa rubia (*Polititapes rhomboides*) fronte a factores ambientais. RIFA", para alcanzar a finalidade do proxecto.

O 8 de abril de 2022 o Consello da Xunta de Galicia adoptou o acordo mediante o cal se aprobou a Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma de Galicia para este período, así como o Plan Galego de Investigación e Innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

O presente convenio alíñase co reto 1 da RIS3 de Galicia 2021-2027, que consiste en desenvolver un modelo de xestión de recursos naturais e culturais baseados na innovación, e coa prioridade 1 (sostibilidade), en concreto co ámbito de priorización de mellora, preservación, xestión sostible e posta en valor da biodiversidade. Ademais, adecúase ao obxectivo estratéxico 1 (conseguir un ecosistema máis aberto e integrado), integrándose, por tanto, no programa Integra.

Ademais, ambas partes entenden que a súa colaboración promove, dentro do ámbito da actividade pesqueira, un triplo obxectivo de sostibilidade: ambiental, social e económica, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (concretamente o Obxectivo 14), no marco da Axenda 2030 e do Pacto Verde Europeo.

Sexto

Que para o desenvolvemento das funcións asumidas por cada unha das entidades participantes e xestionar de forma máis eficiente os fondos FEMPA asignados ás mesmas, así como regular as condicións e compromisos que correspondan a cada unha das partes, estas conveñen en formalizar, a tales efectos, o presente convenio que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS



Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, e a Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P., a través do Instituto de Investigacións Mariñas de Vigo (IIM), para a execución do proxecto denominado "estudo da resposta inmune da ameixa rubia (*Politapes rhomboides*) fronte a factores ambientais. RIFA".

O obxectivo principal do proxecto é afondar na investigación da resposta inmune da ameixa rubia fronte a estresores ambientais para coñecer aqueles parámetros ambientais máis influentes na súa supervivencia e, desa maneira, poder optimizar as condicións de colleita desta especie. Isto axudará a mellorar a súa produción conseguindo as cifras necesarias que require o sector para abastecer á sociedade deste produto tan altamente demandado.

Para poder conseguir estes retos é necesario formular unha serie de obxectivos específicos descritos a continuación:

1. Coñecer a taxa de supervivencia da ameixa rubia a diferentes variables ambientais.
2. Identificar a posible presenza de patóxenos.
3. Determinar a capacidade de resposta do sistema inmune a nivel celular e molecular destes animais en cada un dos escenarios ambientais estudados.
4. Identificar posibles biomarcadores indicadores de estrés.

As actuacións realizaranse en colaboración coa Confraría de pescadores San Xosé de Cangas.

En particular, este convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta das mencionadas actuacións, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación da realización das mesmas, os dereitos e obrigacións das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a resolución dos posibles conflitos.

Segunda. Tarefas a realizar

Tarefa 1. Análise dos datos rexistrados pola confraría sobre produción e recollida de ameixa rubia. Realizarase un estudo previo de análise dos datos recollidos pola confraría que axudarán a valorar aquelas zonas que parecen máis susceptibles e que reportan unha menor supervivencia dos individuos para tratar de coñecer os factores ambientais que poden estar a afectar. Tamén se realizarán análises estatísticas utilizando datos de calquera variable ambiental recollida ou ao dispor da confraría e que permitan arrojar luz sobre as mellores condicións para realizar as seguintes tarefas (lugares de recollida de exemplares, momentos de recollida, tamaños...).

Tarefa 2. Mostraxe de individuos procedentes de poboacións naturais e mantemento nas instalacións do CSIC-IIM. Un total de 720 individuos adultos e 120 de xuvenís (sempre que a confraría San Xosé de Cangas o considere oportuno e factible) serán recollidos de cada un dos bancos marisqueiros da ría de Vigo obxecto deste estudo, co fin de avaliar a zona como unha variable máis a ter en conta e así poder comprobar o efecto da localización dos exemplares dentro da ría (estas zonas poderían variar dependendo dos resultados das análises levadas a



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

cabo na tarefa 1). Os animais serán recollidos e transportados ás instalacións do CSIC-IIM para o seu mantemento e realización dos experimentos. As datas poden variar en función da climatoloxía e dispoñibilidade da ameixa.

Tarefa 3. Avaliación da supervivencia e resistencia dos animais a diferentes variables ambientais tanto a nivel individual como combinado. Os animais recollidos nas diferentes zonas da ría de Vigo serán sometidos a estudos experimentais no acuario avaliando o efecto de diversos escenarios ambientais.

Subtarefa 3.1: Estudo individual do efecto da temperatura, salinidade, contaminantes e patóxenos. Un total de 240 individuos adultos de cada zona serán utilizados para avaliar o efecto da temperatura, salinidade e contaminantes na súa supervivencia.

Subtarefa 3.2: Estudo combinado do efecto da temperatura, salinidade, contaminantes e patóxenos. Aquelas variables do apartado anterior que mostren unha maior taxa de mortalidade ou susceptibilidade nas ameixas estudadas serán avaliadas en conxunto para determinar se a combinación das mesmas é capaz de producir un efecto máis pernicioso nos animais.

Subtarefa 3.3: Análise baixo condicións climáticas extremas. Ademais de levar a cabo condicións de laboratorio que imiten os posibles efectos combinados adversos que poden acontecer no medio natural, realizaranse mostraxes puntuais no medio natural cando aparezan condicións adversas extremas. A frecuencia, localización, momento e duración destas mostraxes dependerá das condicións ambientais e do interese da confraría pola súa análise.

Tarefa 4. Determinación da presenza de microorganismos ou lesións tisulares. As mostras de corpo enteiro recollidas na tarefa anterior serán utilizadas para a realización de preparacións histolóxicas e a súa posterior lectura baixo o microscopio óptico, para a determinación da presenza de diferentes patóxenos ou algún tipo de lesión nos tecidos.

Tarefa 5. Estudo da resposta inmune molecular e celular das ameixas en cada un dos escenarios ambientais descritos na tarefa 3. Co fin de poder coñecer cómo responde o sistema inmune destes animais baixo cada unha das variables testadas levarase a cabo estudos celulares e moleculares coas mostras recollidas na tarefa 3.

Subtarefa 5.1. Medición da produción de radicais de nitróxeno (NO) na hemolinfa.

Subtarefa 5.2. Medición da capacidade fagocítica das ameixas.

Subtarefa 5.3. Determinación das poboacións hemocitarias da ameixa rubia.

Subtarefa 5.4. Avaliación da expresión de xenes implicados en estrés oxidativo e en resposta inmune.

Tarefa 6. Difusión e transferencia de resultados. Os resultados xerados nas tarefas anteriores serán difundidos a través de diferentes canles. Levarase a cabo a redacción de artigos e a preparación de informes e infografía co fin de ser transferidos tanto á comunidade científica como ao sector.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Os resultados alcanzados no proxecto serán transferidos utilizando non só os medios comúns por parte do sector científico, como poden ser revistas de alto impacto ou comunicacións a congresos por medio de pósteres ou de charlas orais, senón tamén a través doutros medios que teñan unha difusión máis ampla para os traballadores do sector. Por iso, ademais dos mecanismos previamente citados, levará a cabo a difusión dos resultados a través de notas de prensa a diferentes xornais e revistas, tanto de tirada rexional como nacional, publicación de posts en páxinas web e redes sociais do sector acuícola e emisión de informes de resultados ao longo do proxecto con suxestións de manexo e xestión que axuden ás asistencia técnicas das confrarías á toma de decisións. Co fin de facer chegar ao sector os resultados conseguidos e poder escoitar as necesidades do mesmo, levarase a cabo a organización de xornadas divulgativas coa realización de charlas e conferencias, así como coloquios e mesas redondas onde queden plasmados, por unha banda, os avances e resultados do proxecto e, por outro, poidan ser debatidas todas as problemáticas que sofren as confrarías e as mariscadoras.

Cronograma de execución das tarefas

ANO	2025										2026												2027											
Tarefa	M1	M2	M3	M4	M5	M6	M7	M8	M9	M10	M11	M12	M13	M14	M15	M16	M17	M18	M19	M20	M21	M22	M23	M24	M25	M26	M27	M28	M29	M30	M31	M32	M33	
1																																		
2																																		
3.1																																		
3.2																																		
3.3																																		
4																																		
5.1																																		
5.2																																		
5.3																																		
5.4																																		
6																																		

Tarefas	Resultados
1. Análise de datos de produción. Reunión de inicio do proxecto.	- Optimización de puntos de recollida máis vulnerables para a realización da mostraxe. - Reunión: presentación dos obxectivos do proxecto.
2. Mostraxe dos individuos, traslado e mantemento no IIM.	Recollida de individuos de diferentes zonas e aclimatación ás condicións do acuario do IIM para comezar os experimentos.
3. Avaliación da supervivencia das ameixas ante factores ambientais. Reunión intermedia do proxecto.	- Determinación das variables ambientais máis influentes na supervivencia dos exemplares. - Reunión: presentación dos resultados alcanzados no proxecto ata ese momento.
4. Identificación de patóxenos nas ameixas sometidas a diferentes condicións ambientais.	Identificación histolóxica de microorganismos.
5. Estudo da resposta inmune celular e molecular das ameixas fronte a diferentes factores ambientais.	Caracterización da resposta das ameixas fronte a cada unha das condicións ambientais avaliadas.



6. Difusión e transferencia de resultados.
Reunión final do proxecto.

- Elaboración de informes para ser distribuídos no sector, redacción de artigos científicos para a súa publicación.
- Reunión: presentación de todos os resultados alcanzados.

Resultados esperados:

1. Coñecemento do efecto de factores ambientais na supervivencia da ameixa rubia.
2. Coñecemento do sistema inmune e dos mecanismos de defensa desta especie.
3. Identificación de posibles biomarcadores de estrés que axuden a identificar potenciais perigos para a súa cría (crecemento e recollida).
4. Mellora dos criterios de mantemento dos exemplares en criadeiros e mellora da súa produtividade.
5. Mellora das políticas de xestión por parte das autoridades.

Tercera. Entregables indispensables para entender cumpridos os obxectivos deste convenio

1. Informe de mortalidade ante parámetros ambientais levados a cabo no laboratorio (Mes 20). Recolleranse os datos obtidos tras a realización das tarefas de análises do efecto de factores ambientais individuais e en conxunto e elaborárase un informe onde se poña de manifesto a influencia de cada un deses parámetros na supervivencia dos exemplares de ameixa fina. Mostraranse os resultados de análises estatísticas de cada unha das variables utilizadas co fin de determinar cal dos factores conta cun maior peso na mortalidade e plasmaranse aquelas diferenzas que sexan estatisticamente significativas.

2. Publicación sobre a resposta inmune da ameixa fina ante factores ambientais (Mes 30). Os resultados obtidos tras a realización das análises funcionais e moleculares serán plasmados en forma de artigo científico para ser publicados nunha revista de alto impacto no sector.

3. Comunicación a congreso (Mes 30). Os resultados obtidos nas tarefas de ensaios moleculares e funcionais serán difundidos nun congreso especializado do sector.

4. Infografía cos resultados recolleitos na publicación (Mes 32). Tendo en conta que os artigos científicos están destinados a un público determinado e que non sempre son capaces de chegar ao sector menos especializado, preparárase un informe *ad hoc* destinado ás confrarías, mariscadoras e persoal do sector onde se reflictan os principais resultados conseguidos, así como a información necesaria para poder adoptar medidas que melloren o uso sostible dos recursos mariños. Esta infografía será difundida polas canles recollidas no apartado "Plan de difusión de resultados: visibilidade científica, sectorial e social".

5. Informe sobre os resultados histolóxicos (Mes 32). Os resultados obtidos tras a lectura das preparacións histolóxicas de mostras recollidas ante diversos factores ambientais, serán plasmados nun informe onde se mostrará a prevalencia de determinados patóxenos e que poderá axudar a determinar, xunto coas análises moleculares e funcionais, as mellores condicións ambientais para o crecemento e recollida de exemplares desta especie.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

6. Celebración de reunións co sector marisqueiro ao comezo, á metade e ao final do proxecto (Meses 1, 18 e 32). Co fin de recoller as necesidades do sector e de transferir os resultados obtidos durante a realización do proxecto ao sector, celebraranse reunións para poñer en común cada unha das fases do proxecto e realizaranse informes a modo de acta onde se recolla todo o debatido e exposto.

7. Redacción de informes intermedios e final (Meses 18 e 32). levarase a cabo a redacción de informes á metade do proxecto e ao finalizar coincidindo coas reunións intermedias e final.

Cuarta. Compromisos das partes

As partes comprométense a realizar as seguintes actuacións para o cumprimento do obxecto do convenio:

1. Participar nas actividades colaborativas organizadas no marco do convenio.
2. Entregarse mutuamente, servíndose si fose preciso do mecanismo de seguimento establecido na cláusula sexta, calquera información que sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente ao desenvolvemento do convenio. Así mesmo, as partes proporcionarán, sen demora, toda a información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.
3. Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda, de acordo co establecido na cláusula sétima do presente convenio.
4. Cumprir coas obrigas específicas de información en relación co financiamento por parte da Unión Europea da actividade subvencionada. Segundo o artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns (no relativo ao FEMPA), os perceptores de fondos da Unión farán mención da fonte de financiamento e velarán por darlle visibilidade, en particular:
 - a) Se o beneficiario dispón de web e redes sociais incluírán unha breve descrición da operación, con obxectivos e resultados, destacando a axuda financeira da UE.
 - b) En documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da operación destinados ao público ou participantes, engadir unha declaración que destaque a axuda da UE.
 - c) Placas ou valo publicitario en lugares ben visibles ao público nas que apareza: emblema da UE ao comezo da execución física da operación que implique investimento físico ou se instalen equipos adquiridos, a condición de que a operación teña un custo total superior a 100.000 €.
 - d) Para operacións non incluídas no apartado c), exhibir nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información sobre a operación destacando a axuda do FEMPA. Cando o beneficiario/a sexa unha persoa física, na medida do posible destacará a axuda do FEMPA nun lugar visible para o público ou mediante unha pantalla electrónica.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

5. Someterse ás actuacións de verificación, así como ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, en relación cos fondos aplicados, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, ás da autoridade de xestión e, no seu caso, dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, e facilitar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6. Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas ou calquera outra instancia autonómica, estatal ou comunitaria de control, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos aplicados, e facilitar a inspección e control dos órganos da Consellería do Mar co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

7. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código de contabilidade apropiado que proporcione un rexistro de auditoría adecuado en relación con todos os gastos correspondentes aos investimentos realizados en virtude deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa ao seu financiamento.

8. Custodiar e conservar a documentación da actividade financiada polo FEMPA, de conformidade co artigo 82 do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen as disposicións comúns. Neste sentido, deberanse conservar os documentos xustificativos e demais documentación relativa ao financiamento durante un período de cinco anos, a partir de 31 de decembro do ano no que se realizou o último pago.

9. De acordo co Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia, todas as entidades deberán aplicar e esixir medidas antifraude, así como cubrir as oportunas declaracións de ausencia de conflito de intereses .

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan constituír fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos da Unión Europea, como é o caso deste convenio, poderán poñelos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, polos medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto por ese servizo na web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, e nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, que se pode consultar na web <http://www.igae.pap.minhafp.gob.es/sitios/igae/es-ES/snca/Documents/ComunicacionSNCA06-04-2017Canaldenuncias.pdf>.

Sen prexuízo disto, tamén se poderá utilizar a ligazón de denuncias sobre irregularidades ou condutas fraudulentas que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención ao Cidadán (SIACI): <https://transparencia.xunta.gal/canal-de-denuncias>.

10. Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do convenio no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6) – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Quinta. Réxime económico

A Consellería do Mar financiará con cargo á partida orzamentaria 16.03.723A.640.1 (código de proxecto 2024-141) dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia (2025) a cantidade de 231.305,00 € (douscentos trinta e un mil trescentos cinco euros).

O citado importe cofinanciarase polo FEMPA nun 70%, no marco do Programa Operativo Español do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE 1.6 – T.A. 1.6.3] sendo o OIX e beneficiario a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A aplicación de fondos para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio realizarase de acordo co seguinte orzamento:

CONCEPTO	2025	2026	2027	TOTAL
Persoal	40.200,00 €	48.000,00 €	50.500,00 €	138.700,00 €
Axudas de custo do persoal	3.000,00 €	3.500,00 €	3.500,00 €	10.000,00 €
Material inventariable	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Material funxible	16.000,00 €	16.250,00 €	9.750,00 €	42.000,00 €
Servizos externos	4.000,00 €	2.500,00 €	2.500,00 €	9.000,00 €
Inscripcións en eventos	1.000,00 €	1.000,00 €	1.000,00 €	3.000,00 €
Organización eventos	300,00 €	300,00 €	300,00 €	900,00 €
Elaboración material divulgación	300,00 €	300,00 €	6.300,00 €	6.900,00 €
Custos indirectos (15% gastos persoal)	6.030,00 €	7.200,00 €	7.575,00 €	20.805,00 €
SUMA ANUALIDADES	70.830,00 €	79.050,00 €	81.425,00 €	231.305,00 €

O CSIC-IIM poderá contar cun desvío na execución económica de ata o 20% entre os conceptos do orzamento, a condición de que se respecten os límites establecidos e se xustifiquen adecuadamente. En ningún caso se superará o importe total orzamentado.

As cantidades indicadas faranse efectivas pola Xunta de Galicia mediante transferencia bancaria na conta aberta a nome do CSIC que este indique e certifique (indicando no concepto da transferencia o acrónimo ou código identificativo que acorden), e previa conformidade do ordenante do pago, con alusión ao cumprimento das tarefas e a remisión dos entregables indispensables recollidos nas cláusulas segunda e terceira.

Dita conformidade realizarase unha vez completadas as actividades obxecto deste convenio e previa presentación á Consellería do Mar da seguinte documentación xustificativa, con data límite do 30 de novembro para cada anualidade:

1. Memoria de execución das actividades deste convenio, con indicación detallada das tarefas realizadas e dos resultados obtidos, na que deberá incluírse unha relación das persoas/entidades que participaron nas mesmas e unha descrición específica das actividades realizadas por cada unha delas. A memoria incluírá a acreditación da publicidade realizada.

2. Memoria económica coa xustificación dos gastos incorridos. A memoria incluírá:

- Unha relación detallada de gastos e pagos realizados.



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] – OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

- Documentación acreditativa dos gastos, consistente en facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas, deberá anexar unha copia en formato PDF dos documentos orixinais.
- Documentación xustificativa do pago: copia de transferencias bancarias, certificados bancarios ou extractos bancarios, ou documentos obtidos a través de banca electrónica. Nestes documentos deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pago, o número e a cantidade total da factura pagada.

3. Relación detallada doutros ingresos ou axudas que financiaran a actividade obxecto da transferencia, con indicación da súa contía e orixe (declaración de axudas solicitadas ou outorgadas para o mesmo proxecto ou para as mesmas partidas de gastos, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional).

4. Indicación do lugar e do órgano de custodia da documentación acreditativa orixinal.

Sen prexuízo da documentación sinalada nos puntos anteriores, poderá ser requirida a achega de datos, documentos complementarios e aclaracións que sexan necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

En todo caso, a xustificación axustarase ás esixencias da normativa da Unión Europea e nacional relativa ao FEMPA.

Procederase ao reintegro, total ou parcial, dos fondos recibidos e os intereses de demora devengados, desde o momento do pago e ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no caso de incumprimento das condicións establecidas neste convenio e que imposibilitan a percepción económica compensatoria do traballo realizado.

Sexta. Comisión mixta de seguimento

Constituirase unha comisión mixta para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio, que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo.

Por parte da Consellería do Mar, serán membros: a persoa titular da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro e a persoa titular da xefatura do Servizo de Planificación.

Por parte do CSIC, serán membros: a persoa titular da Dirección do IIM e a persoa responsable da liña de investigación do proxecto.

A asistencia ás reunións que celebre a comisión terá carácter delegable en persoas pertencentes á mesma entidade da que delegue. Así mesmo, poderán asistir ás mesmas, con voz e sen voto, aquelas persoas que sexan requiridas en función da súa experiencia ou profesionalidade e por razón da materia concreta da que se vaia a tratar.

A comisión mixta de seguimento rexerase polo establecido para os órganos colexiados na sección III, capítulo I do título primeiro da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima. Propiedade dos datos e difusión dos resultados. Uso dos signos distintivos

A Consellería do Mar e o CSIC-IIM manterán confidencialidade sobre calquera información relativa aos resultados das actuacións realizadas ao amparo deste convenio, sempre que non sexan de dominio público, non desvelándoa de ningún xeito sen autorización expresa da outra parte e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente convenio.

A propiedade e utilización científica dos datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas no proxecto e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería do Mar e o CSIC-IIM. Unha vez executadas as investigacións descritas no convenio, comprométese a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Neste sentido, cando se realice calquera tipo de comunicación ou divulgación dos resultados, xa sexa parcial ou total, farase mención explícita ao feito de que os datos obtidos a partir das experiencias desenvoltas e os resultados das análises son froito do presente convenio. Ademais, deberán aparecer os signos distintivos das partes nos soportes utilizados para a divulgación dos resultados, tendo en conta que a denominación legal e social das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Por iso, o CSIC autoriza á Consellería do Mar para que use o seu nome e/ou logotipo conforme á normativa de imaxe institucional aplicable, sempre que o uso que vaia a realizar do mesmo se límite exclusivamente a indicar a relación establecida entre as institucións no presente convenio, polo tempo que esta dure, e non induza a confusión organizativa, comercial ou de aval científico entre aquela parte e o CSIC nin o asocie a obxectivos ou actividades incompatibles cos principios e obxectivos da Administración, e sen que, en ningún caso, lle confira dereito algún de exclusividade nin permita a súa apropiación, mediante rexistro ou calquera outro procedemento. Calquera outro tipo de uso ou ante a dúbida razoable sobre a adecuación de uso ao expresado anteriormente, requirirá a autorización previa e expresa, por escrito, do CSIC.

Igualmente, la Consellería do Mar autoriza ao CSIC para o uso do seu nome e/ou logotipo en termos equivalentes aos descritos no parágrafo anterior.

Ademais, as partes comprométese a adoptar as medidas en materia de información indicadas no artigo 60 do Regulamento (EU) nº 2021/1139. En todos os documentos e medidas de información e comunicación recoñecerase o apoio dos fondos FEMPA mediante a inclusión do emblema da Unión, unha referencia ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) que financia a actuación, incluíndo a porcentaxe (70%) e o logotipo da Xunta de Galicia.

Durante a vixencia do convenio informarase do apoio dos fondos FEMPA mediante unha breve descrición da operación no sitio web e colocando un cartel con información sobre as actuacións realizadas (tamaño mínimo A3).



Oitava. Publicacións e propiedade dos resultados

Nas publicacións das actuacións do convenio deberán respectarse os dereitos dos membros do equipo de investigación, en especial o dereito para ser designados como inventores ou autores.

Cando unha das partes desexe utilizar, en parte ou na súa totalidade, dita información para a súa publicación como artigo, conferencia ou outro formato, deberá solicitar a conformidade á outra parte por escrito que, á súa vez, deberá responder nun prazo máximo de trinta (30) días. Transcorrido devandito prazo sen obter resposta, considerarase que a parte correspondente autoriza a utilización da devandita información.

As publicacións deberán recoñecer e facer constar a participación de todos os investigadores que interviñeron, así como a súa pertenza ás institucións das cales dependan. En calquera dos casos de difusión, farase sempre especial referencia ao organismo financiador.

No suposto de resultados susceptibles de protección, así como de explotación, as partes, nun prazo máximo de tres (3) meses a partir da súa obtención, comprométense a subscribir un documento no que se determinará a titularidade dos dereitos de propiedade industrial e as condicións da súa explotación.

En calquera caso, ambas as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a execución do convenio en actividades propias da súa función investigadora.

Novena. Modificación

As partes poderán modificar, por acordo mutuo, os termos do presente convenio, debendo quedar reflectido por escrito a través da subscripción dunha addenda dentro do período de vixencia do mesmo.

Décima. Extinción do convenio e consecuencias en caso de incumprimento

De acordo co previsto no artigo 51.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, o presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.

No caso de incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, a parte afectada convocará á comisión mixta de seguimento establecida na cláusula sexta para os efectos da adopción das medidas necesarias para o seu cumprimento.

Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

Se tras a actuación da comisión mixta de seguimento persistise o incumprimento, entenderase resolto o convenio por tal motivo e a parte afectada poderá esixir á incumpridora a indemnización por danos e prexuízos que legalmente lle corresponda.

Cando concorra algunha causa de resolución do convenio, si existen actuacións en curso de execución, poderase acordar, a proposta da comisión mixta de seguimento, a continuación e finalización destas nun prazo improrrogable, transcorrido o cal o convenio deberá liquidarse. Devandito prazo será fixado polas partes cando se resolva o convenio, de conformidade co previsto no artigo 52.3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Undécima. Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas propias cláusulas e polo réxime xurídico en materia de convenios, previsto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, coas especialidades previstas no artigo 59 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e demais normas aplicables de dereito administrativo.

As partes acordan que calquera diverxencia, discrepancia ou controversia que puidesen xurdir relativas á interpretación ou execución do presente convenio, que non poida resolverse pola comisión mixta de seguimento indicada na cláusula sexta, poderá ser sometida aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Duodécima. Vixencia

De conformidade co previsto no art. 48.8 da LRXSP, este convenio perfeccionarase na data da súa firma e a súa vixencia comezará a contarse desde a súa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal (REOICO), ao que se refire a disposición adicional sétima do devandito texto legal, debendo publicarse a continuación no Boletín Oficial do Estado, e finalizará o 30 de novembro de 2027.

Así mesmo, este convenio será obxecto de publicación segundo o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración galega.

Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais



Actuación cofinanciada polo FEMPA nun 70%. P.O. español 2021ES14MFPR001 [Prioridade 1 – OE1.6] – T.A. 1.6.3] - OIX: D.X. de Desenvolvemento Pesqueiro

As partes asinantes comprométense a tratar os datos de carácter persoal a que, no seu caso, teñan acceso ou sexan obxecto de cesión no marco de aplicación do presente convenio, de conformidade co que dispón o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos.

E, en proba de conformidade, as partes subscriben o presente convenio, constando como data do mesmo a correspondente á última sinatura realizada.

Pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia

Alfonso Villares Bermúdez

Conselleiro do Mar

Pola Axencia Estatal Consello Superior de
Investigacións Científicas, M.P.

Carlos Closa Montero

Vicepresidente de Organización e Relacións
Institucionais